

BIOBIBLIOGRAFÍA ESENCIAL DE DARÍO XOHÁN CABANA

por J. Luis Calvo e
Yago Rodríguez Yáñez
(actualizada por Xoán Cuba)

1952.- Nace en Roás, concello de Cospeito (Lugo), o 19 de abril, primeiro dos cinco fillos de Ricardo Cabana Ben e Damiana Yanes Chao, labradores pobres con lugar pola renda.

1963.- Comeza o bacharelato no Instituto Masculino de Lugo.

1967.- Empeza a escribir versos. Asiste no Instituto a clases de lingua e literatura galegas, impartidas fóra de horario polo profesor Xesús Alonso Montero.

1968.- No mes de decembro ingresa na UPG.

1969.- A principios de ano viaxa por primeira vez a Monforte, convidado por Manuel María, referente poético de Darío nestes anos. A viaxe repetiuse a miúdo. Gaña os seus primeiros premios literarios: Certame Poético “Eijo Garay”, Xogos Florais Minerva e Xogos Florais de Friol. A censura esnaquízalle o libro *Home cara ó vento*, que Manuel María pretendía publicar na colección Val de Lemos.

1970.- Acada novos premios literarios: Certame Poético “Eijo Garay”, Xogos Florais Minerva, Jogos Florais Minho-Galaicos [1º e 2º premios de Soneto], Xogos Florais de Lemos [2º premio, o 1º gañouno Margarita Ledo Andión], Concurso de Contos en Lingua Galega (Centro Galego de Biscaia). Publica *Verbas a un irmao* e *Home e terra*. A censura esnaquízalle outro libro de poemas, *Non digo nada novo*. Remata o bacharelato, planta os estudos e bota varios meses traballando en Madrid.

1971.- Volve de Madrid. Gaña os Xogos Florais convocados pola Comisión de Festas de San Lourenzo (Santiago de Compostela). Traballa uns meses no Concello de Cospeito, e logo viaxa por toda Galicia vendendo libros galegos, no colectivo “Amigos das Letras Galegas”. A fins de ano queda en Vigo para traballar con Xosé María Álvarez Blázquez nas Edicións Castrelos.

1972.- É distinguido cos seguintes premios literarios: Premio de Poesía da Terra Chá, Xusta de Xograres, Xogos Florais de Bouzas (Vigo).

1973.- Acada os seguintes premios: Xogos Florais da Peregrina, Jogos Florais Minho-Galaicos [3º premio de Soneto], Jogos Florais Minho-Galaicos [1º premio de Ensaio]. Publica *Noticias dunha aldea* e *Romanceiro da Terra Chá*. Mª Victoria Moreno Márquez publica *Os novísimos da poesía galega / Los novísimos de la poesía gallega*, escolma na que figuran dez poemas seus, a maior parte inéditos. Entra en polémica, en *Faro de Vigo* e *El Progreso*, con Manuel Rodrigues Lapa criticando a proposta deste ilustre filólogo de subsumir o galego na lingua portuguesa. Nun número especial dobre da revista *Atenea*, da Universidade de Puerto Rico, aparecen sete poemas inéditos seus. O 12 de agosto coñece a Amelia Outeiro Portela na Estación Marítima de Vigo.

1974.- O 10 de febreiro casa con Amelia; os padriños da voda son Manuel María e a súa esposa Saleta Goi. Gaña o Certame Poético Popular (Radio Popular de Vigo). Publica no exterior, concretamente en Edicións Roi Xordo de Xenebra, *Mortos porque Galicia viva* (asinado co pseudónimo de Daniel Méndez) e *Elexía dunha escuridade mortal*. Tamén publica *O libro do amor*. Nun número especial da *Revista de la Universidad Complutense* dedicado a *La poesía [española] actual* aparecen tres poemas seus, con tradución ó castelán de Celso Emilio Ferreiro.

1975.- O 14 de abril nace a súa filla Alexandra, que é apadriñada por Xosé María Álvarez Blázquez e a súa esposa María Luísa Cáccamo. Regresa a Lugo, onde traballa como vendedor de libros.

1978.- Traballa como corrector lingüístico e de estilo n’*A Nosa Terra*, dirixida por Margarita Ledo. Acada o accésit nas Xustas Literarias Galegas de Santiago de Compostela. É liberado pola Intersindical Nacional Galega.

1979.- É galardoado co primeiro e segundo premio dos Xogos Florais Val de Lemos. Inicia a súa colaboración *Carta entreaberta* n’*A Nosa Terra*.

1980.- Gaña os seguintes certames literarios: Premio Chao Ledo de Poesía, Certame Nacional de Sonetos Gastronómicos, Certame de Poesía da Sociedade Filantrópica de Ribadeo, Certame Literario da Vila de Carballo, Concurso Literario “Nós” da Asociación Cultural Rosalía de Castro de Cornellà.

1981.- O 25 de febreiro nace o seu fillo Martiño. Despois de sete anos de silencio editorial publica *Ábrelle a porta ó día*, libro que marca unha nova orientación na súa obra poética e que é saudado con louvanza por Xosé María Álvarez Cáccamo, fillo de Álvarez Blázquez, daquela activo crítico literario. Acada o primeiro e terceiro premio no Certame de Romances do IX Centenario do Hospital do Incio. Presenta un documento político alternativo ó III Congreso da UPG, celebrado en decembro; ó ser derrotado, abandona o partido.

1982.- É distinguido cos seguintes galardóns: Premio Chao Ledo de Poesía, Certame de Poesía Meigas e Trasgos de Sarria [2º e 3º premio], Certame de Conto Meigas e Trasgos de Sarria [2º Premio], Premio de Poesía “Manuel Antonio” (De Catro a Catro, Vigo; non foi entregado), Premio Celso Emilio Ferreiro [Accésit], Certame de Contos M. R. Figueirido [Accésit], Premio Cidade de Ourense de Poesía. Vincúlase a Galicia Ceibe (oln).

1983.- Acada os premios Celso Emilio Ferreiro e Chao Ledo de poesía. É tamén distinguido co Premio Purificación de Cora, convocado polo 75º aniversario de *El Progreso*, polo artigo “Lugo dos mortos”. Publica *A fraga amurallada*. Gaña por oposición unha praza de garda municipal no Concello de Corcubión. Na ruptura de Galicia Ceibe fica vencellado ó grupo maioritario, liderado por Méndez Ferrín e García Crego, que continúa a revista *Espiral*.

1984.- Gaña o Premio Chao Ledo de Poesía. Reedítase, corrixido e diminuído, o *Romanceiro da Terra Chá* na colección Ronsel da Editorial Galaxia. O cartel das festas do San Froilán deste ano, realizado por Antón Galocha, reproduce nove sonetos do seu libro *A fraga amurallada*.

1985.- É distinguido co Premio de Poesía da Festa da Camelia de Vilagarcía, e co premio Eduardo Pondal de poesía en Bergantiños. Participa en Vigo nunha homenaxe a Xosé María Álvarez Blázquez organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega.

1986.- Acada os seguintes premios literarios: Xogos Florais da Peregrina, Chao Ledo de poesía, Cidade de Ourense de poesía e Celso Emilio Ferreiro de poesía.

1987.- Gaña por oposición unha praza de funcionario no Concello de Lugo, e empeza a traballar como encargado do Auditorium Municipal. Comeza a facer un encrucillado diario en *La Voz de Galicia*, que segue realizando actualmente. Publica *Cantigas de amor vilao, VIII fragmentos e Amor e tempo liso*. Ophiusa realiza un vídeo titulado *Lugo, pedra e corazón*, que é unha ampla escolma de poemas do seu libro *A fraga amurallada* recitados por Xavier Rodríguez Barrio e ilustrados con imaxes da cidade.

1988.- Acada ex aequo o premio da convocatoria especial do centenario de Otero Pedrayo pola súa tradución daquela inédita d’*A divina Comedia*. Cómpre precisar que non se trata propiamente do Premio Otero Pedrayo –que ese ano lle foi outorgado a Xesús Alonso Montero–, senón dunha convocatoria ocasional e diferenciada, de menor xerarquía e dotación.

1989.- Gaña o Premio Xerais de Novela con *Galván en Saor*, que se convertería nun dos libros galegos máis vendidos de todos os tempos. Ademais da novela premiada, publica *Patria no mar*, a tradución do *Cancioneiro de Petrarca*, e a escolma *Longa noite de pedra: poetas da guerra e da posguerra*.

1990.- Nace a revista *A trabe de ouro*, de cuxo Consello de Redacción forma parte desde o principio. Comeza a súa sección “Comunicacións” no xornal sindical nacionalista *Adiante*. Viaxa a varias cidades de Suíza, invitado por sociedades galegas para falar de Luís Pimentel co gallo do Día das Letras Galegas. Publica o *Libro dos Moradores, As aventuras de Breogán Folgueira, Fortunato de Trasmundi, Chirlo Merlo na figueira* e a tradución d’*A divina Comedia* de Dante.

1991.- Viaxa a Rotterdam para falar da obra de Álvaro Cunqueiro co gallo do Día das Letras Galegas. O 25 de maio recibe no Palazzo Vecchio de Florencia a Medalla de Ouro do concello pola súa tradución d’*A Divina comedia*, “considerada a mellor até o de agora dispoñible na área galego-portuguesa-brasileira”. Morte do seu pai.

1992.- Asina con Méndez Ferrín e outros doce camaradas o documento político titulado “Posición Soto”; no proceso subseguinte acabará integrándose na FPG. Acada o Premio de

narrativa Cidade de Lugo. Publica *O avión de Cangas, Recolleita, Vidas senlleiras, Antoloxía poética, Cândido Branco e o Cabaleiro Negro e A excursión*.

1993.- Publica *Cinco lendas, As viaxes do Príncipe Azul, O milagre das estrelas, Historia da lingua contada ós nenos e Un paso de poesía. Poesía galega 1961-1975*.

1994.- Gaña o Premio Xerais de Novela con *O cervo na torre*, e ademais o Martín Codax de Poesía, o Barco de Vapor de literatura infantil e xuvenil e o Ramón Cabanillas de Tradución. Publica *Canta de cerca de morte, Cerco de ferro, Chucho Cacho, O Castrón de Ouro, O cervo na torre* e a tradución da *Vida nova* de Dante.

1995.- Pronuncia o pregón do Día de Galicia en Euskadi. Publica, en colaboración con Xavier Rodríguez Barrio, *O mundo de Fiz: escolma da poesía de Fiz Vergara Vilariño*.

1996.- Merca unha vella casa de labranza en Romeán, onde vive actualmente. Publica *Morte de rei*, novela histórica de grande extensión e rigorosa elaboración sobre o rei Don García.

1997.- Publica n' *A trabe de ouro* o estudo "Modios e e moios. Nota sobre metroloxía galega medieval", no cal analiza e emenda de modo irrefutable unha serie de erros de proporcións enormes (máis de 10 a 1) da historiografía galega sobre o valor das medidas medievais.

1998.- Publica en coautoría coa súa filla Alexandra Cabana Outeiro *Guía da provincia de Lugo: historia, patrimonio, gastronomía*.

2000.- Publica *Inés e a cadela sabia* e a tradución d' *Os tres mosqueteiros* de Alexandre Dumas. Comeza a sección "O cervo na torre" no *Xornal* da CUT.

2001.- Publica en coautoría coa súa filla Alexandra Cabana Outeiro *Monterroso na Ulloa*.

2002.- Dá, na Real Academia Galega, unha importante conferencia baixo o título "Ferrín político", que será impresa no libro *Xosé Luís Méndez Ferrín: O home, o escritor*, coordinado por Dobarro Paz e Rodríguez Gómez e editado pola Universidade da Coruña.

2003.- Os centros de ensino da Terra Chá adícanlle o "Día das Letras Chairegas". Publica a compilación da súa obra poética baixo o título *Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)*, e o libro de relatos *Mitos e memorias*. Publícase o colectivo monográfico *Darío Xohán Cabana de Letras Chairegas*.

2004.- Pasa a traballar na preparación e xestión de publicacións do Concello de Lugo. Publica a súa *Antoloxía do doce estilo novo*, en edición bilingüe, e *Dende o Himalaia a Ceilán: lendas hindús*. Organiza en Lugo un recital poético en homenaxe a Manuel María.

2005.- O 30 de abril, a proposta de Ramón Lorenzo, Antón Santamarina e Francisco Fernández Rei, o plenario da Real Academia Galega acordou nomealo académico de número, atribuíndolle a cadeira que ficara vacante o ano anterior pola morte de Manuel María. É galardoado polo Real Coro Toxos e Froles co Premio Letras de Bretaña. Publícase no Boletín da RAG a súa necrolóxica de Manuel María; neste ano e no seguinte dará varias conferencias e publicará algúns ensaios e artigos sobre a vida e a obra do seu amigo e mestre. Publica *A chegada a Lugo do primeiro tren (San Froilán, 1875)*, na Colección San Froilán dos Devanceiros, que el mesmo dirixe para o Concello de Lugo.

2006.- O 22 de abril ingresa na Real Academia Galega co discurso *De Manuel María a Ferrín: a Grande Xeración*. Publica *Cabalgada na brétima*. O libro colectivo *San Froilán. Culto e festa* inclúe o seu ensaio "Cinco visións literarias de Froilán e o lobo". Publica n' *A trabe de ouro* a tradución galega da breve e transcendental obra poética de Guillerme IX de Aquitania, o primeiro dos trovadores en lingua de oc, e como tal verdadeiro fundador da poesía europea moderna.

2007.- Publica *Poetas en Lugo*, escolma de máis de cincuenta poetas que escribiron sobre a cidade, en edición bilingüe realizada para o Concello de Lugo. Na Colección San Froilán dos Devanceiros publica *Cunheiro e don Hamlet en Lugo (San Froilán, 1959)*. Pronuncia en Savane do Courel un dos tres discursos da sesión pública da Real Academia Galega con ocasión do Día das Letras Galegas dedicado a María Mariño. Días antes pronunciara en Barcelona unha conferencia sobre esta poeta que foi integramente publicada en *Vento do Leste*, revista da Federación de Entidades Culturais Galegas de Cataluña. Promove na Academia a candidatura de Xosé María Álvarez Blázquez para o Día das Letras Galegas do 2008, que é proclamada por votación unánime. Escribe unha biobibliografía de Xosé María Álvarez Blázquez para a páxina web da RAG; este texto será reproducido total ou parcialmente, as máis das veces sen mención de procedencia nin autoría, en innumerables publicacións. No mes de novembro, por concurso-

oposición de promoción interna, pasa a ocupar oficialmente a praza de Coordinador de Publicacións do Concello de Lugo, labor que xa levaba desempeñando catro anos, e dentro da cal escribira, á parte dos tres libros reseñados, un bo número de folletos, artigos e textos en xeral de temas turísticos, históricos e culturais, asinados ou non, ademais de realizar gran cantidade de traducións, todas elas sen asinar. Saen dous importantes libros sobre DXC, os dous da autoría de J. Luis Calvo e Yago Rodríguez Yáñez: *Conversas con Darío Xohán Cabana. Vida e escrita*, e mais *A Voz e o Silencio. Bibliografía e estudo en torno a Darío Xohán Cabana*. Sae a 18ª edición de *Galván en Saor*. Antón Dobao dirixe a longametraxe *A mariñeira*, baseada no seu relato “A mariñeira de Quilmas”, do libro *Vidas senlleiras*.

2008.- Publica Xosé María Álvarez Blázquez. *Vida e obra*, considerado o mellor dos moitos libros que ó longo do ano saíron sobre o polifacético personaxe homenaxeado. Na mesma xeira publica tamén os ensaios “A poesía galega de XMAB”, en *Grial. Cadernos. Letras Galegas 2008*, e “A forxa dun esculcador”, en *XMAB. Unha fotobiografía*, ademais de artigos en *El País*, *Galicie Hoxe...* Dá máis de 25 conferencias sobre Xosé María Álvarez Blázquez, e é encargado pola Academia de pronunciar un dos tres discursos da sesión solemne celebrada en Vigo o 17 de maio. Forma parte do comité organizador do congreso que culminou en Tui o Ano das Letras dedicado a Álvarez Blázquez, no que pronunciou a conferencia de clausura titulada “XMAB, editor revolucionario”, publicada posteriormente n’*A trabe de ouro*. Na reedición feita polo xornal *El País*, en colaboración coa Editorial Galaxia, dunha escolma de vinte volumes da histórica Colección O Moucho creada por Xosé María Álvarez Blázquez, inclúese o seu libro de relatos *Noticias dunha a aldea*, e a escolma de literatura popular ordenada e prologada por el *O libro do amor*. Publica n’*A trabe de ouro* unha escolma de sirventeses de Pèire Vidal con tradución en verso galego á fronte, como novo anticipo dunha amplísima antoloxía da poesía occitana clásica, con edición propia dos textos orixinais e traducións literal e poética ó galego, na que traballa dende o ano 2004.

2009.- Publica o libro *Fernando de Casas Nóvoa en Lugo*.

2010.- Sae do prelo a 18ª edición de *Galván en Saor*. Promove a candidatura de Uxío Novoneyra para o Día das Letras Galegas, e participa activamente na celebración dando unhas vinte conferencias ó longo de toda Galicia, encargándose tamén dunha das alocucións académicas na sesión pública da RAG celebrada en Savane do Courel o 17 de maio, e presentando un relatorio sobre os aspectos formais da poesía de Novoneyra no congreso que se celebrou na Coruña, cerrando o ano académico dedicado ó grande courelao.

2011.- No acto central do Día das Letras Galegas celebrado pola Real Academia en Monforte de Lemos encárgase dunha das alocucións oficiais. Cando xa baixo a presidencia de Méndez Ferrín se constitúe formalmente o novo Seminario de Lexicografía intégrase activamente nos seus traballos conducentes á elaboración en curso do Dicionario Académico. Tamén forma parte dos seminarios de Literatura e de Gramática. Publícase *Os trovadores de Occitania*, grande antoloxía dos trovadores provenzais clásicos con dobre tradución, literal e poética, en edición bilingüe cos textos orixinais en edición semicrítica propia, na cal se inclúen unhas corenta propostas de novas lecturas, precedida dun extenso prólogo e rematada por biografías e xuízos críticos dos oitenta trovadores incluídos. A obra é saudada como un feito cultural de gran importancia por diversos críticos, entre os cales Méndez Ferrín, que afirma “o ano en curso tróuxonos un regalo: o libro *Os trovadores de Occitania* de Darío Xohán Cabana. Nas súas 638 páxinas a autoridade de Darío faise única e absoluta. O poeta, o tradutor, o novelista, o filólogo, o erudito que conviven no escritor Darío Xohán Cabana solidifícanse para producir unha obra magna”.

2012.- Traballa intensamente na revisión da súa tradución d’*A Divina Comedia* que, máis ca unha revisión, é unha nova tradución. Nunha xuntanza de dantistas españois e italianos celebrado en Lugo de Galicia, fai unha longa lectura de fragmentos da *Comedia* nesta nova tradución, precedida da dos orixinais por participantes no *convegno*. Publica unha nova tradución do *Cancioneiro* de Petrarca.

2013.- A súa nova versión do *Cancioneiro* de Petrarca obtén o premio de tradución da AELG. Convidado pola Universidade Autònoma, dá dúas conferencias en Barcelona, unha sobre as súas traducións e outra sobre a súa obra persoal. É convidado polo Concello de Ravenna a unha lectura da súa nova tradución d’*A Divina Comedia* ó carón da tumba de Dante.

BIBLIOGRAFÍA ESENCIAL DE DARÍO XOHÁN CABANA

POESÍA

- Verbas a un irmao*, Edición de Autor, Lugo, 1970
- Home e terra*, Xistral, Monforte, 1970
- Romanceiro da Terra Cha*, Castrelos, Vigo, 1973.
- Mortos porque Galicia viva* (co ps. Daniel Méndez), Roi Xordo, Xenebra, 1974
- Elexía nunha escuridade mortal*, Roi Xordo, Xenebra, 1974
- Ábrelle a porta ó día*, Edicións do Castro, Sada, 1981
- A fraga amurallada*, Limbo, Ourense, 1983
- VIII fragmentos*, Sotelo Blanco, Santiago, 1987
- Amor e tempo liso*, Sotelo Blanco, Santiago, 1987
- Cantigas de amor vilao*, Galaxia, Vigo, 1987
- Patria do mar*, Ir Indo, Vigo, 1989
- Chirlo merlo na figueira*, Sotelo Blanco, Santiago, 1990
- Antoloxía poética*, Diario 16 de Galicia, Vigo, 1992
- Recolleita*, El Correo Gallego, Santiago, 1992
- Cinco lendas*, Deputación Provincial, Lugo, 1993
- Canta de cerca a morte*, Galaxia, Vigo, 1994
- Vinte cadernos (Poemas 1969-2002)*, Xerais, Vigo, 2003 (inclúe toda a obra lírica, revisada)
- Cabalgada na brétema*, Galaxia, Vigo, 2006

Figura nas seguintes antoloxías xerais de poesía:

- F. Fernández del Riego: *Antoloxía de poesía galega. Do posmodernismo aos novos*, Galaxia, Vigo, 1980
- X. L. García: *Escolma da poesía galega 1976-1984*, Sotelo Blanco, Barcelona, 1984
- X. M. Álvarez Cáccamo-C. L. Bernárdez: *50 anos de poesía galega*, Penta, A Coruña, 1994
- Y. F. Vieira: *Antologia de poesia galega*, Editora da Unicamp, Campinas-Brasil, 1996
- E. Zernova: *Novie golosa/Voces novas*, Universidade de San Petersburgo, 1997
- C. Morán: *Río de son e vento*, Xerais, Vigo, 1999
- L. Rodríguez: *25 anos de poesía galega (1975-2000)*, La Voz de Galicia, A Coruña, 2002
- L. Rodríguez: *Poetas galegos do século XX*, Espiral Maior, A Coruña, 2004
- Carlos Clementson: *Sinfonía Atlántica. Antología general de la poesía gallega*, Eneida, Madrid, 2012

NARRATIVA

- Galván en Saor* (novela), Xerais, Vigo, 1989.
- Libro dos moradores* (contos), Ir Indo, Vigo, 1990
- Fortunato de Trasmundi* (novela), Xerais, Vigo, 1990.
- Cándido Branco e o Cabaleiro Negro* (novela), Xerais, Vigo, 1992.
- Vidas senlleiras* (contos), Xerais, Vigo, 1992.
- Cerco de ferro* (contos), Nigra, Vigo, 1994.
- O cervo na torre* (novela), Xerais, 1994
- Morte de rei* (novela), Xerais, 1996
- Mitos e memorias* (contos), Xerais, 2003

NARRATIVA PUBLICADA COMO XUVENIL OU INFANTIL

- As aventuras de Breogán Folgueira*, Xerais, Vigo, 1990.
- O avión de Cangas*, Xerais, Vigo, 1992.
- As viaxes do príncipe azul*, Galaxia, Vigo, 1993.
- O milagre das estrelas*, Xerais, Vigo, 1993
- O castrón de ouro*, SM, Madrid, 1994; nova edición en Galaxia, Vigo, 2006
- Cucho Cacho*, Xerais, Vigo, 1994
- Inés e a cadela sabia*, Rodeira-Edebé, A Coruña, 2000
- Dende o Himalaia a Ceilán. Lendas hindús contadas por DXC*, Galaxia, Vigo, 2004

TRADUCIÓNS

- Cancioneiro de Francesco Petrarca*, Xunta de Galicia, Santiago, 1989.
- A Divina Comedia* de Dante Alighieri, Xunta de Galicia, Santiago, 1990.
- Vida Nova* de Dante Alighieri, Espiral Maior, A Coruña, 1994
- Os Tres Mosqueteiros* de Alexandre Dumas, Xerais, Vigo, 2000
- Antoloxía do Doce Estilo Novo*, Galaxia, Vigo, 2004
- Os trobadores de Occitania*, Edicións da Curuxa, Lugo, 2011
- Cancioneiro de Francesco Petrarca* (nova tradución), Edicións da Curuxa, Lugo, 2012

GUÍAS (en colaboración con Alexandra Cabana Outeiro)

- Guía da provincia de Lugo*, Caixavigo, Vigo, 1998
- Monterroso na Ulloa*, Concello de Monterroso, 2001

OUTROS

- O libro do amor*. Escolma e limiar de DXC, Castrelos, Vigo, 1974
- Longa noite de pedra. Poetas da guerra e da postguerra*. Escolma e fichas biográficas de DXC. Ophiusa-Xunta de Galicia, 1989. 2ª ed., id., 1993
- Un paso de poesía. Poesía galega 1961-1975*. Escolma e biografías de DXC. Ophiusa-Xunta de Galicia, 1993
- Modios e moios. Nota sobre metroloxía galega medieval*, n' *A trabe de ouro*, nº 30, 1997.
- A chegada a Lugo do primeiro tren*, Concello de Lugo, 2005
- De Manuel María a Ferrín: a Grande Xeración*, discurso de ingreso na Academia Galega, coa resposta de Xosé Luís Méndez Ferrín, RAG, A Coruña, 2006
- Poetas en Lugo*, Concello de Lugo, 2007
- Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo*, Concello de Lugo, 2007
- Xosé María Álvarez Blázquez. Vida e obra*, Xerais, Vigo, 2008
- Fernando de Casas Nóvoa en Lugo*, Concello de Lugo, 2009.

É autor, ademais, de centos de ensaios e artigos de maior ou menor entidade, folletos, intervencións en congresos e homenaxes, prólogos, pregóns, conferencias, poemas e contos en revistas e en libros colectivos, etc. Poemas seus foron musicados e cantados por Amancio Prada, Suso Vaamonde, Fuxan os Ventos, A Quenlla, etc. Publica un encrucillado galego diario en *La Voz de Galicia* desde o ano 1987.

PREMIOS

Á parte os de certames por poemas, contos ou artigos illados (uns cincuenta), os premios por libros son os seguintes:

- 1972, Premio de poesía da Terra Chá, por *Romanceiro da Terra Chá*
- 1982, Cidade de Ourense, por *A fraga amurallada*
- 1983, Celso Emilio Ferreiro, por *Patria do mar*
- 1986, Cidade de Ourense, por *VIII fragmentos*
- 1986, Celso Emilio Ferreiro, por *Amor e tempo liso*
- 1994, Martín Codax, por *Canta de cerca a morte*
- 1989, Xerais de novela, por *Galván en Saor*
- 1992, Cidade de Lugo, por *Vidas senlleiras*
- 1993, O Barco de Vapor, por *O castrón de ouro*
- 1994, Xerais de novela, por *O cervo na torre*
- 1994, Ramón Cabanillas, pola tradución da *Vida nova* de Dante
- 1988, Convocatoria especial do Centenario de Otero Pedrayo, premio ex-aequo á tradución d'A *Divina Comedia*
- 1991, Medalla de Ouro da cidade de Florencia, pola tradución d'A *Divina Comedia*
- 2005, Premio Letras de Bretaña
- 2013, Premio de Tradución da AELG pola nova tradución do *Cancioneiro* de Petrarca

Da obra de Darío Xohán Cabana téñense ocupado, entre outros:

Luís Machado de Abreu
Fran Alonso
Xesús Alonso Montero
Emilio Álvarez Blázquez
Xosé María Álvarez Cáccamo
José Miguel Andrade Cernadas
Anxo Angueira
Vicente Araguas
María Teresa Araújo García
Valentín Arias
Felipe Arias Vilas
Alberto Barandiaran
Moisés R. Barcia
Ángel Basanta
Carlos Bernándeiz
Alfonso Blanco
Maïté Bouyssy
J. L. Calvo
Xosé Carlos Caneiro
Xosé Manuel del Caño
Xavier Castro
Alfredo Conde
Xosé de Cora
Xavier Cordal
Xoán Cuba
Antón Dobao
Afonso Eiré
Agustín Fernández Paz
Francisco Fernández del Riego
Ánxel Fole
Celso Emilio Ferreiro
Xesús Fraga
Moncha Fuentes
Xosé Lois García
Xosé M. García Crego
Pilar García Negro
Isabel García Piqueras
Silvia Gaspar
Camilo Gómez Torres
Xesús González Gómez
Xoán González-Millán
Xosé Manuel González Pérez
Antón Grande
Izaskun Labeaga
Giula Lanciani
Benigno Lázare
Xosé López
Manuel López Foxo
Xulio López Valcárcel
Antón Lopo
Ramón Loureiro
Manuel María
Paco Martín
Xesús Mato
Carmen Mejía Ruíz
X. L. Méndez Ferrín

Mero
Mini
Xosé Miranda
Henrique Monteagudo
Manuel Xosé Neira
Ramón Nicolás
María Xesús Nogueira
Isidro Novo
Penélope Pedreira
Alfonso Pexegueiro
Xosé A. Ponte Far
Armando Requeixo
Nicanor Rielo
María do Carme Ríos Panisse
Luís de Miranda Rocha
Margarita Romero
Luciano Rodríguez Sánchez
Yago Rodríguez Yáñez
Antón Santamarina
Patrick Saulheimer
Anxo Tarrío
Giuseppe Tavani
Marcos Valcárcel
Susó Varela
Xosé Vázquez Pintor
María Carolina Viana Vieira
Manuel Vidal Villaverde
Dolores Vilavedra
Miro Villar
Xulio Xiz